

PANXOLIÑA HUMILDE.

...No alto da Terra Chá están brillando as estrelas
xuntas miran de lonxe quen alumia más ca elas.
Héspero é a Estrela da Tarde, nós chamámoslle Luceiro.
Préiades, as sete fillas, todas fan O Setestrelo.
O Carro e As Tres Marías cando apretan a Orión
miran de lonxe pra Ti, Noso Neno Salvador,
que nacíches entre espiñas reluciente, ¡más có Sol!.

De humilde leito nacíches, de humilde berce de pallas.
Humildes, ...de carne e óso é a condición humana.
Todos nacemos espidos, ...quen más, quen menos, tapados.
Templa trebón pois naceu, a Luz para os más coitados.
E acochados nesta orixe que moitos temos a gala
Meu queridiño, meu sol, nosa prendiña da ialma
lembraremos a quen veu a este mundo liberarnos.
Seguimos presos de nós e non podemos soltarnos
e así cando o xeo roe e os coitelos se nos cravan,
carambelos tronzadores, nas carnes moles e brandas,
espetan gumes de ferro perfectamente afiados,
sen darnos conta que somos fráxiles e limitados.
E adentrándose na cerna, chegándonos ás entrañas,
conxélasenos o sangue, o alento e as palabras.
E, cecais, nos veña á mente que aquí estamos alugados,
sabendo que a vida é breve e pouco o camiño andado.

Templa trebón pois naceu, a Luz para os más coitados.
Naceu e viviu humilde e ós más humildes pegado
sen esquencer as raíces, nin escravo da abundancia,
...lección pra termos presente se ousamos ir á súa casa.
Desde o berce tomou folgos pra loitar cos marxinados
anunciándonos o amor por todo o que foi creado.
Miña prendiña, meu ben, ¡quen o rolo che arrolara!
es a esperanza que temos -miña xoia, prenda amada-
nun mañán descoñecido que nos ten tan alarmados,
soio alumia a túa Luz e con ela, en Ti agardamos.

Do alto ceo baixaron catro anxiños ó Belén
levan a nova pró mundo e melodías pró recén.
Foron cantarlle ó Neno e, pra que durmira ben,
botaron unha panxola, que é moi feitiña, abofé.
A súa mai acaroando, cantaba ela tamén
dicindo, chea de tenrura: ...ea, ...ea, ...ea, eh.

Nosa Santiña, a súa mai, a calor lle procuraba
pra durmilo en doces soños mentres más arrefriaba
nun leito ruín, de fame, no colo pra adormentaloo,
E seu pai que é carpinteiro, nun pesebre derrubado
dunhas táboas pra un barrelo, fíxolle a cativa cama.
Que pra aquel que nace pobre todo son portas pechadas.

Quen, nestas noites tan crúas, ¡quen o sono che velara!
pasando xuntos o frío, soñando na mañán clara.
E pra che cantar mainiñas cantigas nosas de anaina
con palabriñas de azucré e na voz propia cantadas,
en Begonte, hoxe e sempre, verbas galegas da Chaira
pra che dicir con amor ¡palabras, ...soio palabras!,
...melodías feiticeiras, muiñeiras e foliadas.

Non temos más que che dar,
que estamos cheos de mágoas.
Bicos mornos, beizos fríos,
na túa cara colorada
pra quen naceu, sendo Deus,
en cama estrada de pallas.